

ACTA NÚM. 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PLAN DE EMPREGO LOCAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PEL CONCELLOS-2023

Proceso selectivo: 1 ALBANEL OFICIAL 1ª

No Salón de reunións do Concello de Rianxo, ás 09:25 h do día 07/07/2023, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 oficial 1ª albanel adscrita á subvención Plan de emprego local PEL-CONCELLOS 2023 segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 642/2023 do 22/06/2023 coa seguinte composición:

Presidenta: Mª Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar do Concello de Rianxo (I)

Vocal: Gabriel Bermúdez Piñeiro, Encargado municipal de obras (V)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa municipal (IV)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

As 09:30 horas o tribunal realiza o control de asistencia e entrégalles ás persoas presentes a proba de galego para a que disporán dun tempo de 15 minutos; ás 09:40 h xa remataron a proba todas as persoas aspirantes e o resultado foi o seguinte:

APELIDOS E NOME	PROBA GALEGO
Neira Vidal, Emilio	APTO
Santiago Franco, José	APTO
Varela Burés, José Luis	APTO

O tribunal informa ás persoas aspirantes do resultado da proba e decide volver a xuntarse ás 12:00 h para facer a valoración da fase de concurso cuxo resultado é o seguinte:

APELIDOS E NOME	Carné B	Formación	Galego	TOTAL
Bello Pérez, Alejandro	1,00	0,50	0,00	1,50
Neira Vidal, Emilio	0,00	0,00	0,00	0,00
Santiago Franco, José	0,00	0,00	0,00	0,00
Varela Burés, José Luis	1,00	0,00	0,00	1,00

O resultado final do proceso por orde de puntuación, en orde descendente, é o seguinte:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
Santiago Franco, José	16,67	0,00	16,67
Varela Burés, José Luis	15,50	1,00	16,50
Neira Vidal, Emilio	16,17	0,00	16,17
Bello Pérez, Alejandro	10,83	1,50	12,33

O Tribunal propón á persoa de maior puntuación, para a súa contratación como Oficial Albanel 1ª do PEL CONCELLOS 2023

SANTIAGO FRANCO, JOSÉ	TITULAR
-----------------------	---------

O tribunal propón a seguinte listaxe, para os efectos de posibles substitucións, en función das puntuacións acadadas na seguinte orde:

Varela Burés, José Luis	1º Suplente
Neira Vidal, Emilio	2º Suplente
Bello Pérez, Alejandro	3º suplente

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12:30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do Tribunal.